

S

I

O

L

U

N

R

N

I

R

BIBLIOTECA
CPI de San Sadurniño

Luis Angel Sánchez Pereiro (**Lois Pereiro**) naceu en Monforte de Lemos (Lugo) o 16 de febreiro de 1958 e finou na Coruña o 24 de maio de 1996. Despois de rematar o COU, en 1975, marchou a Madrid (cidade na que estaba estudando Xornalismo, o seu irmán **Xosé Manuel Pereiro**) para empezar a carreira de Socioloxía, aínda que antes de rematar o primeiro trimestre regresou a Monforte onde traballou na cristalaría paterna. Ao seguinte ano volveu para Madrid para estudar na Escola Oficial de Idiomas francés, alemán e inglés.

En 1977 fundou xunto co seu irmán Xosé Manuel, Manolo Rivas e Antón Patiño a revista *Loia*, da que só se editaron catro números, na que publicou algúns dos seus primeiros poemas.




En 1981 regresou a Galicia onde colaborou en revistas (*Luzes de Galicia*, *La Naval*, etc.), participou en antoloxías poéticas (*De amor e desamor* publicada en 1984 e *De amor e desamor II* publicada en 1985) e traballou como tradutor de filmes e series.

Publicou dous poemarios en vida: *Poemas 1981/1991* en Edicións Positivas e *Poesía última de amor e enfermidade (1992-1995)* tamén na mesma editorial. Un ano despois da súa morte a editorial Espiral Maior publicou *Poemas para unha loia*, libro no que se recollen os poemas aparecidos na revista *Loia* e o texto *Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia*.

O 26 de xullo de 2010 a RAG, a proposta de Manolo Rivas, decidiu dedicarlle o Día das Letras Galegas de 2011.

A morte e o amor son dous dos temas fundamentais da súa poesía. Unha poesía concentrada na que nada sobra, mais tampouco nada falta. A poesía dun dos máis auténticos poetas da literatura galega. En fin, a POESÍA.

O 5 de xaneiro de 1996 nunha entrevista realizada pola poeta e xornalista Ana Román no programa Diario Cultural da Radio Galega Lois afirmou: "*penso que a poesía é un xeito de fuxir da barbarie, non? É dicir, todo o que se escriba, quizais non contribúa a mellorar o mundo pero tampouco pode contribuír a empeoralo, non?*"



*e estou vivindo un soño repetido
nas noites dos que me seguen querendo*

Lois Pereiro

*Cuspídemme enriba cando pasedes
por diante do lugar no que eu repouse
enviándome unha húmida mensaxe
de vida e de furia necesaria.*

Lois Pereiro